Convenio o Acordo: FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA
Expediente: 15/11/0044/2025
Data: 12/03/2025
Asunto: COMUNICACIÓN DE INSCRICIÓN (SEN PUBLICACIÓN)
Destinatario: NURIA RODRIGUEZ SUAREZ
Código de Convenio número 15104262112025.

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TERRITORIAL DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA CORUÑA POLA QUE SE INSCRIBE O PLAN DE IGUALDADE DA FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA NO REXISTRO DE CONVENIOS COLECTIVOS, ACORDOS COLECTIVOS DE TRABALLO E PLANS DE IGUALDADE

Antecedentes e feitos

Primeiro: o 26/02/2025 tivo entrada no REGCON a documentación relativa á inscrición do plan de igualdade acordado daFEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA no rexistro de acordos e convenios colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo: a referida documentación foi analizada por persoal deste órgano directivo territorial, que formulou un requirimento de emenda o 27/02/2025 ao que a representación da comisión negociadora respondeu o 28 /02/2025.

Consideracións legais e técnicas

Código DIR3: A12017391

Primeira: a Dirección Territorial de Emprego, Comercio e Emigración da Coruña é competente para resolver en materia de rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo e plans de igualdade, segundo o disposto no Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Segunda: é de aplicación o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, a Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crea o rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e o Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 713/2010, de 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Terceira: da labor de análise e revisión da documentación que consta no expediente por parte de persoal deste órgano de dirección territorial concluíuse que o plan de igualdade de referencia non presenta ningunha incidencia invalidante que impida a súa inscrición.

Tendo en conta todo o anterior, esta Dirección Territorial, **RESOLVE:**

Inscribir o plan de igualdade da FEDERACIÓN DE SALVAMENTO E SOCORRISMO DE GALICIA no rexistro de acordos e convenios colectivos de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa vixencia será do 25/02/2025 ao 24/02/2029.

Código DIR3: A12017391

CSV : RCC-d329-575d-72ba-80a3-4ad2-8bc5-84ce-b3a7
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsblF8yLcR
FIRMANTE(1) : JUAN JOSE COUCE PREGO | FECHA : 12/03/2025 14:10 | NOTAS : F

Contra esta resolución pódese interpoñer recurso de alzada ante o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dentro do prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común Das Administracións Públicas.

Director Territorial,
JUAN JOSE COUCE PREGO

FIRMADO POR: JUAN JOSE COUCE PREGO
AC FNMT Usuarios
Firma Válida

Código DIR3: A12017391